

Resolución reitoral do 28 de agosto de 2026 pola que se aproban a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos

Os órganos unipersoais centrais da Universidade da Coruña regúlanse no artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e nos artigos 88.2 e 125 a 139 dos vixentes Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 94/2025 do 6 de outubro (DOG do 27 de outubro).

Esta normativa deixa á súa determinación discrecional o número e funcións das vicerreitorías que integrarán, xunto coa Secretaría Xeral e a Xerencia, o Equipo de Goberno, presidido polo reitor. Así mesmo, dita normativa asígnalle á reitora ou reitor unha parte importante das competencias que a autonomía universitaria lles confire aos órganos universitarios, sen prexuízo da potestade de delegación nos termos establecidos na normativa xeral.

Nese marco normativo foron ditadas as resolucións reitorais de 16 de xaneiro de 2024 (TEO do 17 de xaneiro) e 10 de xullo de 2024 (TEO do 11 de xullo), que determinaron a estrutura orgánica dos servizos centrais resultantes das eleccións do día 4 de decembro de 2023.

A aprobación dos novos Estatutos e o impacto que está a ter a intelixencia artificial en todos os ámbitos, tamén no universitario, propician unha remodelación da estrutura orgánica para afrontar os novos retos. Ademais, a experiencia de goberno adquirida nesta etapa permiten abordar outros cambios de menor entidade na estrutura e algunhas matizacións nas delegacións de competencias.

De acordo con isto, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 8 a 14 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os Estatutos desta universidade e as demais disposicións de aplicación xeral,

RESOLVO aprobar a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos, nos termos sinalados no anexo.

Esta disposición entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta resolución e, nomeadamente, a resolución reitoral de 10 de xullo de 2024 (Teo do 11 de xullo), pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos.

O reitor

ANEXO

Artigo 1. Composición do Equipo de Goberno

1. Para o exercicio das competencias e o cumprimento dos fins propios da Universidade da Coruña, o seu Equipo de Goberno estará formada polas persoas titulares da Reitoría, da Secretaría Xeral, da Xerencia e das seguintes vicerreitorías:

- Vicerreitoría de Campus de Ferrol, Igualdade e Responsabilidade Social
- Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte
- Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica
- Vicerreitoría de Estratexia Dixital e Intelixencia Artificial
- Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade
- Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade
- Vicerreitoría de Investigación e Transferencia
- Vicerreitoría de Profesorado
- Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización

2. Os órganos unipersoais enumerados na alínea anterior terán a consideración de órganos de dirección, agás o Reitor, que terá a consideración de órgano superior. O cargo de xerencia será asimilado ao de alto cargo.

3. Os órganos de dirección, xunto co Reitor, conforman o Consello de Dirección, que se reunirá periodicamente para asesorar ao Reitor na dirección política estratéxica do Goberno e o desenvolvemento e seguimento das políticas universitarias. A convocatoria do Consello de Dirección será realizada pola Secretaría Xeral, por orde do Reitor, que o presidirá. As deliberacións do Consello de Dirección serán secretas.

Artigo 2. Da Secretaría Xeral

1. Sen prexuízo das competencias que lle outorguen outras disposicións legais, a persoa titular da Secretaría Xeral terá as seguintes competencias propias:

- a) A fe pública dos acordos dos órganos colexiados de goberno nos que actúe como secretaria e das actuacións en que estea presente como tal.
- b) A formación e custodia dos libros de actas do Claustro e Consello de Goberno da Universidade, así como a potestade certificante do que tales libros conteñen e daqueloutras cuestións que consten na documentación oficial da Universidade cuxa certificación non corresponda a outro órgano unipersoal.
- c) A custodia do arquivo universitario e do selo oficial da Universidade.
- d) A publicidade dos actos e acordos da Universidade cando se precise.
- e) A organización dos actos solemnes da Universidade e a xefatura do protocolo.

2. Así mesmo, a Secretaria Xeral exercerá por delegación do Reitor as seguintes competencias:

- a) A dirección da Asesoría xurídica e a supervisión da legalidade da actuación administrativa dos órganos de Goberno da Universidade.
- b) A tramitación das propostas de protocolos xerais de colaboración, convenios específicos de colaboración institucional e convenios de prácticas, así como a formulación de modelos de convenio.
- c) A resolución dos recursos de alzada, reposición e extraordinario de revisión cando a facultade de resolución corresponda ao reitor, agás os indicados no apartado 1.j do



artigo 12, así como a adopción de medidas provisionais ou cautelares que procedan a propósito da interposición dos referidos recursos.

- d) A admisión a trámite e resolución das solicitudes de revisión de oficio e a declaración de lesividade dos actos anulables.
- e) A resolución dos procedementos de responsabilidade patrimonial atribuídos ao reitor.
- f) A coordinación das políticas de revisión, simplificación e humanización normativas.
- g) A resolución dos expedientes disciplinarios do estudantado.

3. Baixo a dependencia orgánica e funcional da Secretaría Xeral estarán as seguintes unidades:

- Asesoría Xurídica
- Oficina da Secretaría Xeral
- Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo

4. A persoa delegada de protección de datos estará adscrita organicamente á Secretaría Xeral, con plena autonomía funcional no exercicio das funcións previstas no Regulamento (UE) 2016/679.

Artigo 3. Da Xerencia

1. A Xerencia asumirá como propias, baixo a autoridade do Reitor, as competencias relativas á xestión dos servizos económicos e administrativos non atribuídos a outros órganos directivos.

2. A Xerencia exercerá por delegación do reitor as seguintes competencias:

- a) As relativas ao persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, agás que estean reservadas expresamente ao reitor, incluída a instrución dos procedementos disciplinarios do PTXAS mentres non se cree a Inspección de Servizos.
- b) As competencias e funcións que a lexislación de contratos do sector público lle atribúe ao órgano de contratación administrativa.
- c) As competencias relativas ao patrimonio da Universidade, sen prexuízo das competencias do Consello Social.

3. Baixo a dependencia orgánica e funcional da Xerencia estarán as seguintes unidades:

- Administrador/a de Apoio á Xerencia
- Conserxería da Maestranza e Aula Náutica, e dos centros non docentes dos Campus de Elviña e Zapateira
- Secretaría da Xerencia
- Servizo de Contratación Administrativa
- Servizo de Control interno, sen prexuízo do disposto no artigo 59.3 da LOSU
- Servizo de Distribución e Transporte
- Servizo de Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos
- Servizo de Prevención de Riscos Laborais
- Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social
- Servizo de Xestión Económica, Patrimonio e Inventario
- Servizo de Xestión Financeira
- Vicexerencia de Economía e Finanzas
- Unidade de Atención Telefónica

4. Baixo a dependencia orgánica da Xerencia, e funcional da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, estarán as seguintes unidades:

- Equipo de Xestión da Investigación (EXI)
- Servizo de Investigación (SERIN)



- Vicexerencia de Xestión de Investigación

5. Baixo a dependencia orgánica da Xerencia, e funcional da Vicerreitoría de Campus de Ferrol, Igualdade e Responsabilidade Social, estará a seguinte unidade:

- Vicexerencia do Campus de Ferrol

Artigo 4. Da Vicerreitoría de Campus de Ferrol, Igualdade e Responsabilidade Social

1. A Vicerreitoría de Campus de Ferrol, Igualdade e Responsabilidade Social asumirá por delegación do reitor as seguintes competencias:

- a) A proxección e coordinación da Universidade no campus de Ferrol
- b) A coordinación da xestión da residencia universitaria no Campus de Ferrol.
- c) As competencias relativas ás políticas de igualdade de xénero e diversidade.
- d) As competencias relativas á responsabilidade social, cooperación e voluntariado.

2. Baixo a dependencia orgánica e funcional desta Vicerreitoría estarán as seguintes unidades:

- Centro de Estudos de Xénero e Feministas
- Conserxerías da Vicerreitoría e centros non docentes do Campus de Ferrol
- Oficina de Atención á Diversidade
- Oficina de Cooperación e Voluntariado
- Oficina para a Igualdade de Xénero
- Secretaría da Vicerreitoría
- Servizos centrais e comúns do Campus de Ferrol

3. Baixo a dependencia funcional desta Vicerreitoría estará a seguinte unidade:

- Vicexerencia do Campus de Ferrol

Artigo 5. Da Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte

1. A Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte asumirá por delegación do reitor as seguintes competencias:

- a) As competencias relativas á política de divulgación.
- b) As competencias relativas á política de comunicación.
- c) As orientadas á promoción da actividade deportiva e cultural entre a comunidade universitaria.
- d) A difusión cultural.
- e) A dirección e supervisión da política de normalización lingüística.

2. Baixo a dependencia desta Vicerreitoría estarán as seguintes unidades:

- Área de Cultura
- Área de Deportes
- Servizo de Comunicación
- Sección de Extensión Universitaria
- Secretaría da Vicerreitoría
- Servizo de Normalización Lingüística
- Servizo de Publicacións
- Unidade de Medios Audiovisuais

Artigo 6. Da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica

1. A Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica asumirá por delegación do reitor as seguintes competencias:



- a) A planificación económica e estratéxica da Universidade, así como a avaliación do grao de cumprimento dos seus obxectivos.
- b) A proposta e o seguimento das liñas e directrices orzamentarias e dos seus criterios de execución.
- c) A elaboración das memorias económicas e dos informes operativos anuais e de liquidación orzamentaria.
- d) A avaliación económica de programas, proxectos, servizos e inversións.
- e) A busca de novas fontes de financiación e o establecemento de directrices para o control e a mellora na eficiencia do gasto.

2. Baixo a dependencia desta Vicerreitoría estarán as seguintes unidades:

- Secretaría da Vicerreitoría

Artigo 7. Da Vicerreitoría de Estratexia Dixital e Intelixencia Artificial

1. A Vicerreitoría de Estratexia Dixital e Intelixencia Artificial asumirá por delegación do reitor as seguintes competencias:

- a) As competencias relativas á definición das liñas estratéxicas e a supervisión dos plans estratéxicos relacionados coa gobernanza e xestión das TIC, os sistemas de información, a administración electrónica e a intelixencia artificial, así como a seguridade da información, aplicadas aos labores propios da comunidade universitaria: docencia, investigación e xestión.
- b) As competencias relativas á organización e coordinación da definición, desenvolvemento, evolución e xestión continuada da infraestrutura, sistemas de información, tecnoloxías e software que sustenten as principais misións da institución (docencia, investigación e transferencia de coñecemento), así como as actuacións necesarias para a súa consecución.
- c) As competencias relativas á determinación das prioridades de actuación tecnolóxica en relación a solucións informáticas e produtos software que dean soporte ás actividades e misións institucionais, primando o hardware e software libres, os estándares abertos, e a soberanía tecnolóxica.
- d) As competencias relativas á promoción do uso socialmente responsable da tecnoloxía, a accesibilidade e a soberanía dixital, favorecendo contornos, contidos e servizos universitarios inclusivos, e fomentando o desenvolvemento e a adopción de boas prácticas dixitais en coordinación cos diferentes servizos e colectivos universitarios.
- e) As competencias relativas á promoción do desenvolvemento continuado das competencias dixitais da comunidade universitaria, fomentando o uso e creación de software libre como ferramenta de traballo e fonte de coñecemento, e a adopción e desenvolvemento de prácticas e metodoloxías abertas, estandarizadas, e sustentadas no coñecemento e a evidencia científica.

2. Baixo a dependencia desta Vicerreitoría estarán as seguintes unidades:

- Responsable da Seguridade da Información
- Responsable dos Sistemas
- Secretaría da Vicerreitoría (ocuparase en comisión de servizos o posto 749, correspondente á secretaría da extinta Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade)
- Servizo de Informática e Comunicacions

Artigo 8. Da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade

1. A Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade asumirá por delegación do reitor as seguintes competencias:

- a) As relativas ás políticas de impulso da participación e o asociacionismo do estudiantado.



- b) A difusión da oferta académica e a captación de alumnado nacional e internacional.
- c) A xestión integral do acceso e a admisión a graos e mestrados.
- d) A xestión das bolsas de estudo e os seus procedementos derivados.
- e) A coordinación da xestión das residencias universitarias nos Campus da Coruña.
- f) O impulso da empregabilidade.

2. Baixo a dependencia orgánica e funcional desta vicerreitoría estarán as seguintes unidades:

- Observatorio Ocupacional
- Secretaría da Vicerreitoría
- Servizo de Atención e Orientación ao Estudiantado
- Unidade de Emprego

Artigo 9. Da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade

1. A Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade asumirá por delegación do reitor as seguintes competencias:

- a) A programación e execución das infraestruturas novas.
- b) A planificación e programación de intervencións sobre as infraestruturas existentes.
- c) A reordenación e recuperación de espazos.
- d) As competencias relativas á planificación urbanística.
- e) O impulso das políticas de sustentabilidade en todos os campus, espazos e centros da UDC.

2. Baixo a dependencia desta Vicerreitoría estarán as seguintes unidades:

- Oficina de Sustentabilidade
- Secretaría da Vicerreitoría
- Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos

Artigo 10. Da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia

1. A Vicerreitoría de Investigación e Transferencia asumirá por delegación do reitor as competencias relativas á promoción e avaliación da investigación, política científica e difusión da actividade investigadora, supervisión das estruturas propias de investigación e centros propios de investigación. Nomeadamente:

- a) A xestión e coordinación dos recursos de investigación e as de realización de propostas de equipamento de centros de investigación.
- b) As competencias correspondentes ás relacións con axentes de investigación nacionais e internacionais, e con outros centros de I+D.
- c) A promoción, avaliación e recoñecemento da transferencia de coñecemento en todos os ámbitos.
- d) As competencias relacionadas cos parques científicos e tecnolóxicos, centros tecnolóxicos e de investigación, empresas baseadas en coñecemento (EBC) e viveiros de empresas.
- e) A proposta, contratación e formalización de proxectos de investigación, tanto no ámbito nacional como internacional.
- f) A tramitación e sinatura de acordos de investigación.
- g) A contratación de persoal con cargo a programas, convenios e proxectos de investigación, en coordinación coa Xerencia.
- h) A planificación e xestión dos estudos de doutoramento, incluída a xestión do acceso e a admisión.
- i) A resolución dos procedementos de concesión de axudas e subvencións de investigación e, se é o caso, dos procedementos de reintegro.
- j) A incoación e tramitación de procedementos sancionadores e a imposición de sancións tipificadas como leves e graves nos artigos 54 e 55 da Lei 9/2007, do 13



xuño, de subvencións de Galicia, cando se trate de subvencións aprobadas pola Vicerreitoría.

2. Baixo a dependencia orgánica e funcional desta Vicerreitoría estarán as seguintes unidades:

- Centros de investigación
- Escola Internacional de Doutoramento
- Oficina de Captación de Persoal Investigador (OCPI)
- Oficina de Proxectos Internacionais (OPI)
- Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC)
- Rede de Centros e Unidades de I+D+i
- Secretaría da Vicerreitoría
- Servizos de Apoio á Investigación (SAI)
- Servizo de Biblioteca Universitaria
- Unidade de Análise e Xestión de Datos

3. Baixo a dependencia funcional desta Vicerreitoría estarán as seguintes unidades:

- Equipo de Xestión da Investigación (EXI)
- Servizo de Investigación (SERIN)
- Vicexerencia de Xestión de Investigación

Artigo 11. Da Vicerreitoría de Profesorado

1. A Vicerreitoría de Profesorado asumirá por delegación do reitor as competencias relativas a planificación, seguimento, control e actualización do persoal docente e investigador (PDI).

Nomeadamente:

- a) O recoñecemento de situacións administrativas do PDI.
- b) O recoñecemento de trienios e quinquenios.
- c) A xestión dos procedementos de acceso á función pública docente e de contratación de PDI.
- d) A instrución dos procedementos disciplinarios do PDI, mentres non se cree a Inspección de Servizos.

2. Baixo a dependencia da Vicerreitoría de Profesorado estará a seguinte unidade:

- Secretaría da Vicerreitoría
- Servizo de Persoal Docente e Investigador

Artigo 12. Da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización

1. A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización asumirá por delegación do reitor as competencias relativas ás titulacións oficiais e propias, así como as relativas á internacionalización. Nomeadamente:

- a) O impulso, planificación, implantación e desenvolvemento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario, dos títulos propios e da formación permanente e ao longo da vida.
- b) A xestión da oferta de titulacións e da estrutura e organización das ensinanzas.
- c) A xestión da matrícula de graos e mestrados, títulos propios, e de formación permanente e ao longo da vida.
- d) Os procedementos de expedición de títulos oficiais e de títulos propios.
- e) A modificación das actas oficiais de cualificación do estudantado.
- f) Os procedementos de verificación, acreditación, seguimento e modificación, segundo proceda, das titulacións e estudos impartidos ou coordinados pola UDC.



- g) As competencias referidas á planificación, organización, avaliación e seguimento dos procesos de calidade no ámbito académico, incluídos os relativos á avaliación da actividade docente.
- h) A coordinación e control dos centros, tanto os propios da UDC coma os adscritos á UDC.
- i) A resolución de solicitudes de equivalencia de titulacións obtidas no estranxeiro para realizar estudos de grao e mestrado.
- j) A resolución dos recursos de alzada e reposición interpostos contra as resolucións dos Decanos e dos Directores das Facultades e Escolas en materia académica, agás aqueles que deban de ser informados preceptivamente pola Comisión de Organización Académica, delegada do Consello de Goberno, que en todo caso serán resoltos polo reitor.
- k) A tramitación das propostas de protocolos xerais de colaboración e convenios de colaboración de carácter académico que non corresponda tramitar á Secretaría Xeral.
- l) O impulso, elaboración, coordinación e seguimento da normativa académica no ámbito das competencias da Vicerreitoría.
- m) O impulso e coordinación da innovación educativa, da formación para a docencia e das actuacións orientadas á mellora da calidade docente.
- n) O fomento da internacionalización e o deseño das estratexias e políticas para as relacións internacionais e a cooperación internacional a nivel académico.
- o) A representación institucional en foros e eventos internacionais.
- p) O deseño, planificación e xestión dos programas nacionais e internacionais de mobilidade e intercambio.
- q) O desenvolvemento, organización e control de novas sés ou extensión dos campus da UDC, ou doutras estruturas semellantes, que se poidan crear noutros territorios, mesmo fóra do Estado español.

2. Baixo a dependencia desta Vicerreitoría estarán as seguintes unidades:

- Centro de Linguas
- Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa
- Oficina de Relacións Internacionais
- Secretaría da Vicerreitoría
- Servizo de Organización Académica
- Unidade de Estudos Propios e de Posgrao
- Unidade Técnica de Calidade
- Universidade Sénior

Artigo 13. Substitución temporal

1. A substitución temporal do reitor será exercida pola vicerreitora ou vicerreitor que reúna as condicións de elixibilidade establecidas para o cargo. De haber varias persoas que cumpran esas condicións, atenderase aos criterios de maior categoría académica e maior antigüidade na UDC, nesta orde.

2. A substitución temporal das persoas titulares das Vicerreitorías será exercida por unha vicerreitora ou vicerreitor, na orde establecida no apartado 1 do artigo 1.

3. No caso da Secretaría Xeral, a substitución temporal será exercida, por esta orde:

- a) pola persoa titular da Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte;
- b) pola persoa titular da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade;
- c) polas restantes persoas titulares das vicerreitorías, na orde establecida no apartado 1 do artigo 1.

4. No caso da Xerencia, a substitución temporal será exercida, por esta orde:



- a) pola persoa titular da Vicexerencia de Economía e Finanzas;
- b) pola persoa titular da Vicexerencia de Campus de Ferrol;
- c) pola persoa titular da Vicexerencia de Xestión de Investigación.

Artigo 14. Réxime da delegación de competencias

1. As resolucións administrativas que se adopten facendo uso das delegacións contidas nesta resolución farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo reitor.

2. O reitor poderá recuperar o exercicio das competencias que son delegadas cando haxa circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial que o fagan conveniente.

3. Sen prexuízo da delegación de sinatura, non poderán delegarse as competencias que se exerzan por delegación.

4. Enténdese comprendido nas delegacións anteriores o exercicio da competencia para resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as resolucións que se diten en virtude das competencias delegadas así como a revogación de actos de gravame ou desfavorables.